

# Iraq: Os motivos dunha guerra insegura

## Description

En Bagdad ninguén dubida de que a guerra preventiva programada por Mr Bush iradiante, digan o que digan Nacións Unidas, a Unión Europea, Rusia, China, os países árabes ou os milleiros de almas que se manifestan en medio mundo para condenar a política agresiva de Washington, incluídos moitos protagonistas norteamericanos de guerras anteriores. Para desarmar Iraq, EEUU fai alarde dun despliegue de armamento nunca visto: cento cincuenta mil soldados e toda unha armada aeronaval que vai cercando as fronteiras de Iraq e espera da orde de ataque, probablemente a mediados de marzo, segundo os analistas militares. Todo está listo daquela, incluída a sedución mediática dunha opinión pública que se fai interrogar.

Doce anos despois da primeira guerra do Golfo, Bush fillo non pode argumentar a súa guerra como resposta a unha invasión por parte de Iraq de ningún país veciño; as súas hipotéticas connivencias con Al Qaeda e demais grupos terroristas de signo relixioso son desmentidas ata polos seus propios inimigos; os gobernos árabes desconfían da iniciativa americana (en 1991 se convenceran ata de financiar xenerosamente a Treboada do Deserto); as opinións públicas do seu propio país e da mesma Gran Bretaña amosan unha oposición crecente, mesmo no caso de que a guerra preventiva se inicie co respaldo de Nacións Unidas "será o tiro de gracia para a ONU"; do Papa a Kofi Annan, mesmo moitos dos asistentes ao Foro Económico Mundial de Davos, todos e todas as instancias estiman que esta guerra nin é necesaria nin é útil e que polo mesmo pode evitarse.

¿Pode evitarse? Existen tres grandes motivos, os tres gran valor estratégico, para levala adiante. O Presidente Bush está persuadido de presidir un país que goza hoxe dunha posición internacional excepcional, unha ocasión única para afirmar un liderato universal indiscutible. É verdade que non se trata aquí de expulsar aos soldados iraquís do Kuwait ocupado (por certo, ¿non fora tamén para propiciar un impulso democratizador en Kuwait?), que a situación na zona é sensiblemente diferente á de 1991, pero hai, entre ambos tempos, un primeiro obxectivo estratégico común: se daquela o conflito serviu para evidenciar a súa victoria fronte a URSS na guerra fría e darlle o último empuje para o abismo da historia, do que se tratará agora de transmitir ao mundo a evidencia dunha fortaleza inexpugnable, dunha tecnoloxía babilónica que a sitúa a gran distancia dos seus inmediatos seguidores e que lle permite forzar solucións que a vestrictamente diplomática facían imposibles ou esixían tempo de máis. Estamos ante unha nova fase do rearme estratégico que se inicia a raíz do 11S para confirmar o liderato universal da superpotencia hexemónica.

O segundo obxectivo estratégico é de dimensión rexional. É de sobra coñecido, tanto en medios políticos como diplomáticos ou xornalísticos, que a invasión de Iraq é unha estratexema para expulsar a Jordania aos palestinos recompensando ao seu monarca cunha parte de Iraq; a seguir, asegurar a ocupación plena por parte de Israel da Cisjordania tomada polas tropas do recen elixido Sharon e a anexión definitiva de todos os territorios palestinos; seguinte paso, a restauración monárquica nun Iraq seriamente fragmentado no seu territorio e debilitado na súa economía; por último, asestar un golpe decisivo contra Siria para asegurar a Israel a conservación dos altos do Golán. Nin no Pentágono nin en Israel terían ningún medo a un Estado Palestino e incluso hai quen di que o sucesor de Arafat xa foi designado.

A terceira razón é o petróleo, naturalmente. Pero neste caso, non é a máis importante fronte das sinaladas anteriormente. De Guinea a Asia central, EEUU leva meses tomando posicións de gran solidez para asegurar o control presente e futuro de tan vital recurso. Un e outro asunto, petróleo e fronteiras, naceron co propio Estado iraquí. Cando os británicos e os franceses, conta Anthony Sampson, autor de *Sept Soeurs: les grandes compagnies et le monde qu'elles ont fabriqué*, debuxaron as fronteiras do Iraq que emerxa do afundimento do antigo Imperio Otomano despois da primeira guerra mundial, contaron pouco os intereses e os dereitos dos iraquís. A explotación dos xacementos petrolíferos iraquís que da Turkish Petroleum Company pasaron á Iraq Petroleum Company (IPC) entraron no reparto. Os franceses tiñan dereito á cuarta parte que era propiedade dos alemáns vencidos. Os británicos, xa presentes en Irán, querían a súa e os estadounidenses tamén. Para os iraquís deixaban o 20 por cento da concesión. Pero nin iso respectaron cando se iniciou a produción a gran escala. Non é de estranar, pois, que no sentimento da poboación iraquí se advirta a perversa natureza do interese democratizador occidental.

Sen embargo, algúns analistas, o propio Sampson, chaman a atención sobre o feito de que, nesta ocasión, non son as grandes petrolíferas quen máis empurren do furgo da guerra, senón o pequeno grupo de ultraconservadores vencellados á industria do armamento que seguen a consigna lanzada desde Israel e dos seus aliados que consideran tanto a Irán como a Iraq veciños moi perigosos, inimigos declarados, aos que cumpre derrotar de forma contundente.

Os intereses de franceses e rusos semellan coincidir nesa reflexión matizada do interese do mundo petrolífero na medida en que desenvolven unhas relacións particulares con Bagdad, pero negociando a un tempo compensacións de Washington polo seu apoio diplomático. A British Petroleum ten medo de quedar fóra ante a avidez norteamericana e desconfía do anuncio de James Woolsey, ex director da CIA, cando afirmou, dirixíndose a rusos e franceses, que un espírito de colaboración se garantiría para todos unha vez que se implante en Iraq un rexime aceptable. A avaricia rompe o saco e as compañías non americanas son conscientes de que cando saquen parte e reparte sempre leva a mellor parte.

Pero EEUU é quen manexa todos os fíos. No pasado decembro o departamento de Estado reuniu un grupo de traballo sobre petróleo e o gas natural, no que participaron representantes do ministerio de Enerxía e dos grupos iraquís do exilio, co obxectivo de viabilizar propostas que debían estar consensuadas para que a política petrolífera de Iraq estivese clara dende o momento mesmo de iniciarse a transición post Sadam. Mentres, en Londres, fracasaba a reunión política pilotada por un Blair que presionaba desmedidamente a Hosni Mubarak, o presidente exipcio, para impulsar un segundo intento no Cairo. Ata Ankara se resiste.

Quen máis en firme aposta pola guerra son os sectores vinculados á industria militar e o lobby xudeu na Casa Branca. Con independencia dos dividendos petrolíferos, sempre incertos en tempo de guerra e sempre a partir con outros (franceses, británicos, rusos, fundamentalmente), a mirada de Tel-Aviv se centra na rendabilización desta coxuntura para modificar as fronteiras de Oriente Medio e satisfacer a súa obsesión permanente de seguridade destruindo a un dos seus inimigos máis irreductibles.

O petróleo, sen embargo, si pode influir no momento elixido para comezar a guerra. A crise de Venezuela dura máis do previsto e unha perturbación por partida dobre retirou do mercado mundial uns 5 millóns de barrís diarios que non poderían ser reempresados con facilidade, propiciando un alza de prezos que afectaría negativamente á economía propia e dos aliados.

En definitiva, todo canto se diga fora destas coordenadas é pura propaganda, perversión e cinismo.

O staff estadounidense da guerra está integrado por:

os dirixentes civís do Pentágono, Donald Rumsfeld e os seus axudantes, Paul Wolfowitz e Richard Perle;

o complexo  
o vicepresidente

A maioría dos membros do Congreso aproban a guerra contra Iraq. Segundo Charles B. Rangel, membro das Cámaras de representantes e veterano da guerra de Corea, soamente un deles ten un fillo militar de carreira. Os militares que irán á guerra pertencen ás clases medias e baixas e, en primeiro lugar, aos afroamericanos. Son o 12 por cento da poboación pero representan máis do 20 por cento dos efectivos do Exército. Durante a guerra do Golfo representaban o 23 por

cento.

Segundo un sondeo de USA Today/CNN/Gallup Poll publicado o pasado 14 de xaneiro, un 34 por cento dos electores seguen confiando en Bush; un 32 por cento non o votará e outro 32 por cento está indeciso. O seu nivel de apoio despois do 11S chegou ata o 90 por cento. Hoxe está no 58 por cento e segue a baixa. Bush é frívolo. A xestión económica soamente é aprobada por un 48 por cento dos sondeados. Unha guerra opacará as tensións internas e permitiríalle superar con éxito o midterm, a metade do seu mandato. Pero para iso Bush debe facer pedagogía bólica entre a cidadanía.

## As armas de Iraq

Iraq nega e renega a produción e posesión de novas armas biolóxicas, químicas e atómicas. Na inspección dos 300 expertos de Nacións Unidas pode estar a clave para desautorizar as boutades de Bush, pero non é fácil. Afortunadamente, proceden de máis de 40 países, incluíndo a 27 estadounidenses, 25 franceses, 22 rusos e algúns orixinarios dos países árabes. Hans Blix e Mohamed El Baradei, director da AIEA (Axencia Internacional da Enerxía Atómica), comandan o dispositivo. No seu informe ante o Consello de Seguridade da ONU, con matices diferentes, ambos pediron máis tempo para culminar a súa tarefa. ¿Servirán de algo os meses solicitados? Aínda se Sadam coopera ata o punto de humillarse cada día un pouco máis coa esperanza de salvar o seu poder e a súa vida, ben é verdade que ao elevado prezo da dignidade e soberanía do país, no momento en que EEUU queira, podería facer estoupar no interior de Iraq “leva preparando ese escenario moito tempo- unha revolta de curdos, chiitas ou grupos armados de opositores entrenados pola CIA (¿non é terrorismo?) que acusando de exterminio ao réxime reclamará a intervención inmediata das tropas salvadoras das pobres vítimas do dictador sanguinario... Do demais xa se encargará esa oficina de intoxicación informativa que converte das carcasas practicamente inservibles en perigosas armas capaces de portar substancias químicas de gran poder destructivo. Na guerra do Golfo, as aves petroleadas estaban a moitos quilómetros do conflito e as supostas formacións de tanques non eran outra cousa que toldos militares... ¿quén nos deparará agora?. A CIA di que lle vai facilitar á ONU as probas do rearme iraquí.

Despois de 1991, durante sete anos, máis de 200 grupos de inspección realizaron unhas 400 revisións por todo o país, moitas veces con numerosos conflitos coas autoridades que motivaron a interrupción do proceso. Pero non parece ser o caso de agora: a actitude do goberno iraquí é cooperativa, mesmo tolerando as invasións domiciliarias dos seus científicos e o secuestro dos simples exames dos seus alumnos convertidos en documentos probatorios dunha tecnoloxía para enriquecer uranio... Para escamotear a guerra, Bagdad debe evitar que Estados Unidos atope algunha excusa para acusalo de violar a resolución 1441. Aceptou o mandato, emitiu o informe detallado e amosa disposición para proporcionar aos inspectores acceso sen obstáculos, sen condicións e sen restricións a todas as áreas, incluíndo calquera das instalacións, construcións, equipos, rexistros e medios de transporte, nos que os inspectores queiran investigar, así como contactos privados sen impedimentos e sen restricións con calquera dos funcionarios e persoas cos que os inspectores desexen entrevistarse dentro ou fóra de Iraq. Ante tan rigorosos termos, Bagdad debeu deixar de lado a dignidade nacional e permitir que o grupo de inspección escudriñe o país de punta a cabo.

En teoría, pasada a pregunta que a maioría do Consello de Seguridade se inclina a conceder, de non atoparse armas de destrución masiva en parte ningunha do seu territorio, o grupo de inspección pode presentar un informe ao Consello de Seguridade, demostrando que non existe tal ameaza, ben porque nunca existiu ou porque as armas deste tipo foron destruídas. O próximo será entón non soamente o cese dos preparativos bólicos sen tamén o inmediato levantamento das sancións impostas ao país durante os últimos doce anos e que tan duramente castigan a poboación civil.

Pero ¿podemos excluír a ameaza de guerra aínda que Iraq cumpra por completo coas condicións da resolución 1441? En absoluto. Estados Unidos e Gran Bretaña poden utilizar as condicións da resolución para provocar unha crise, acusando a Iraq de violar o mandato se os seus avións de guerra son atacados por forzas terrestres nas zonas de exclusión aérea, ou incluso se hai un embotellamento de tráfico no camiño cara os sitios de inspección que mereza o calificativo de entorpecemento do Sr Powell. E mesmo impulsar outra resolución máis dura aínda que peche o paso abruptamente a calquera solución pacífica.

Neste caso, Tarek Aziz, o seu ministro de asuntos exteriores de Bagdad, xa adiantou a resposta do réxime: “baterase ata a derradeira bala”. As especulacións sobre un hipotético exilio de Sadam son unha auténtica pantasma. Mesmo algúns medios chegaron a sinalo xa en Belarús, o último país que lle vendeu armas a Sadam e considerado outro paria do sistema internacional pola súa dictadura neostaliniana. Sadam non se exporá a

unha extradición. Ningún país resistiría, chegando o caso, as presións de Washington. Os Balcanios marcaron a pauta.

Mentres, Israel, cun senllo de resolucións da ONU por cumprir, albergando todo tipo de armas de destrución masiva (biolóxicas, químicas e ata nucleares), países que invadiu e anexionou ilegalmente territorios que non lle pertencen. É o paralelismo con Iraq-, non soamente non aparece na lista do "pacificador" Bush, sen que se nos presenta coma o seu principal aliado. E os países árabes comulgan con estas rodas de muiño? Terán a súa propia oficina de información. En marzo de 2002, EEUU creou unha emisora (Sawa) para o mundo árabe e agora o departamento de Estado vai poñer en funcionamento unha cadea de televisión vía satélite que competirá con Al-Yazira. Sharon será un home de paz.

Por outra banda, ¿por què no caso de Corea do Norte o perigo da tenencia de armas de destrución masiva pode ser resolto por vía diplomática e no de Iraq non?

A guerra está cantada, din moitos e con pesar. A experimentación de Afganistán convenceu aos estrategas e mandos militares da súa supremacía en todos os terreos. A victoria está asegurada e dela poderán derivarse innumerables vantaxes, internas e internacionais, para Washington. Pero a historia enseña que poucas cousas acontecen como se teñen imaxinado e nada hai máis inseguro que os resultados dunha guerra segura.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Oriente Medio ARQUIVO

### IDIOMA

Galego

### Date Created

Febreiro 1, 2003

### Meta Fields

**Autoria :** 3717

**Data publicación :** 20030201